

Resolución reitoral pola que se acepta a renuncia a unha bolsa para a formación en Sistemas Informáticos da Universidade de Vigo.

Recibida a solicitude de renuncia do alumno David Valverde Puga con data 21/11/2024 beneficiario dunha bolsa para a formación en Sistemas Informáticos da Universidade de Vigo (R.R. do 1 de outubro de 2024)

Esta Reitoría resolve:

Aceptar a renuncia de David Valverde Puga coa correspondente perda de dereitos de pago con efectos administrativos de 21 de novembro de 2024.

Existindo persoas candidatas na listaxe de agarda, e en virtude do disposto no punto 9 da Resolución reitoral de 27 de xuño de 2024 pola que se convocan as bolsas de formación en sistemas informáticos, nomear a Antonio Branco Batalha con efectos económicos e administrativos do 1 de decembro de 2024.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade
Natalia Caparrini Marín

CSV : GEN-521a-416b-11c9-e677-1646-3975-894b-ce1d

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 26/11/2024 11:29 | NOTAS : F



ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s24N0000092

CSV

GEISER-2354-e550-4089-4f7e-9fbf-d700-b317-e6a5

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

03/12/2024 10:33:24 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-2354-e550-4089-4f7e-9fbf-d700-b317-e6a5